



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



INSTRUCCIÓN SOBRE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

O Decreto 212/1998 do 2 de xullo polo que se fixan os prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 1998/1999 establece na tarifa décimo primeira.- Secretaría o importe que deben aboalos estudantes pola apertura de expediente académico ó comeza-los estudos nun centro así como pola expedición e mantemento de tarxetas de identidade.

Á súa vez a Resolución do 21 de xullo coa Convocatoria de matrícula para o curso 1998/99 nos centros da Universidade de Santiago de Compostela regula, no punto 12.3, que deberá reportarse prezos públicos pola apertura de expediente no suposto de Inicio de estudos e no artigo 12.4 que deberá aboarse o prezo público polo mantemento e expedición da tarxeta de identidade en cada matrícula.

A redacción de ámbalas dúas normas está provocando a presentación dun número importante de reclamacións á liquidación de prezos públicos polo que é preciso clarificar a interpretación destes prezos ou tarifas.

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- Deberán liquidarse prezos públicos por apertura de expediente tal e como se establece no decreto de prezos públicos polo inicio de estudos en calquera titulación oficial de primeiro ciclo ou de segundo ciclo sempre que este segundo ciclo non sexa unha continuación dos mesmos estudos do primeiro ciclo.

Segundo.- A liquidación por mantemento e expedición da tarxeta de identidade dos alumnos en cada matrícula entenderase pola matrícula de cada curso académico. Polo tanto só procederá a liquidación de prezos públicos pola tarxeta de identidade ó realizar unha matrícula ordinaria en cada curso académico, e non pola matrícula en diferentes titulacións. No caso de que a un mesmo estudante se lle liquidase máis dunha tarxeta de identidade procederase á devolución deste importe. Cando o afectado estea matriculado no terceiro ciclo e tamén en estudos de primeiro e segundo ciclo a Unidade que tramite a devolución deberá verificar que a mesma non se tivese tramitado.

Terceiro: As reclamacións que contra as liquidacións de apertura de expediente ou tarxeta de identidade presenten os alumnos nas Unidades de Xestión Académica e Terceiro Ciclo deberán enviarse ó Servicio de Alumnado para ser resoltas polo órgano competente.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 1999



O SECRETARIO XERAL


Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Vicerrector de Asuntos Económicos, Sra. Xerente, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sra. Xefe do Servicio de Alumnado, Sra. Xefe do Servicio de Control Interno, Sr. Xefe do Servicio de Contabilidade e Presupostos, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE, Sra. Xefa de Sección de Terceiro Ciclo, Srs./a Xefes das Unidades de Xestión Académica.